

O vindeiro 17 de novembro, as seis da tarde, en Santiago de Compostela, a empresa social *Specialisterne* presentará a súa proposta de inserción laboral para mozos e adultos con TEA. Está destinado a familias e/ou interesados con diagnóstico de autismo de alto funcionamento ou síndrome de Asperger. Tamén profesionais do ámbito TEA ou similares que queiran coñecer este modelo de formación.

Specialisterne, os especialistas, en danés, é o nome dunha empresa social cuio obxectivo é axudar a conseguir un emprego a persoas con Trastornos do Espectro do Autismo (TEA). A actividade de *Specialisterne* consiste en avaliar, formar e proporcionar traballos de alto valor engadido a persoas con autismo ou síndrome de Asperger.

Specialisterne realiza a avaliación e formación destas persoas para poder satisfacer as necesidades de clientes de sectores como TI, telecomunicacións, saúde, servizos financeiros e farmacéutico, así como do sector público, que precisan para determinadas tarefas a persoas con paixón polos detalles, capacidade de concentración e perseveranza para as tarefas repetitivas.

Inscrición: [aquí](#)

Máis información: [aquí](#)



Presentación SPECIALISTERNE

Ven a conocer el proyecto **Specialisterne**
Te presentamos nuestro modelo de formación y
trabajo para personas con diagnóstico de TEA/Asperger

Edificio CERSIA

Rua Alcalde Raimundo López Pol, s/n,

San Lázaro

Santiago de Compostela

Viernes 17 de noviembre de 2017 a las 18 h

